

20/06/2025

NOTIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS *Cryphonectria parasitica* (CANCRO DO CASTIÑEIRO)

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante a primavera e o outono realízanse inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuíta. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2025 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal>, que se pode presentar:

- Xefaturas territoriais.
- Servizos Provincias de Montes
- Oficinas dos Distritos Forestais e Agrarias Comarcais
- Ou no correo electrónico: sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Actualmente estanse a realizar **seguintes das inoculacións realizadas** dende a primavera do ano 2023 a primavera do 2024, para comprobar a eficacia dos tratamentos realizados.

Durante a semana do 23 ao 27 de xuño actuarase con seguimentos das inoculacións realizadas nos seguintes concellos:

PROVINCIA	CONCELLOS
LUGO	Baralla
	Cervantes
OURENSE	Rubiá
	Laza